

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
TRINTA DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Salvador Durán Bermúdez
D^a M^a Isabel González Domínguez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a María Deza Martínez
D. Constantino Sanmartín Quiñones
D^a Almudena Aguín Fernández
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
D. Francisco Villaverde Otero
D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
D. José Buezas Méndez
D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día trinta de xaneiro de dous mil doce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, **solicitada por todos/as os/as concelleiros/as dos Grupos Municipais Sanxenxo Agrupación Liberal, Socialista de Sanxenxo e BNG** e convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DUNHA COMISIÓN, PARA O ESTUDO, VALORACIÓN E CONCLUSIÓNS PARA O SEU POSTERIOR DEBATE E APROBACIÓN SE PROCEDE POLO PLENO DO CONCELLO, CINGUIDO SOBRE AS SENTENCIAS XUDICIAIS CONTRARIAS OS INTERESES DO CONCELLO DE SANXENXO, NA QUE FORMEN PARTE DA MESMA A ALCALDESA DE SANXENXO, O XERENTE DE URBANISMO, CONCELEIRA DE URBANISMO, A SECRETARÍA XERAL DO CONCELLO, A INTERVENCIÓN XERAL DO CONCELLO E UN MEMBRO DE CADA PARTIDO DA OPOSICIÓN.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que o acordo pretendía a creación dunha comisión sobre as sentenzas que xa empezaron a ser coñecidas para buscar transparencia e claridade en asuntos de envergadura, engadindo que non se debe enredar con debates estériles para confundir aos veciños votando a culpa a quen interesa para non asumir responsabilidades. Finalmente dixo que se actuou con pouca ética democrática ao estirar os prazos para a celebración deste pleno extraordinario e facelo coincidir co ordinario para minimizar a súa importancia.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, xustificou a convocatoria do pleno extraordinario pola situación insostible que condiciona o presente e o futuro deste concello, ao que habería que engadir os 8.000.000 de € de facturas sen pagar. Aludiu a que urbanisticamente non había por donde coller a actuación municipal e lembrou a existencia de varias sentenzas contrarias ao concello, sendo a mais significativa a do SU-13 porque supón a devolución de 3.830.000 €. Continuou lendo partes da sentenza nasque se indicaba que non se sabía o destino do ingresado, recordando a tal efecto que a **Sra. Alcaldesa** sinalou no seu día que parte se destino a Punta Vicaño e parte a equipamento e recálcase que a achega dos promotores non foi voluntaria, senón a cambio de algo, datos que obrigan a que se aclare debidamente a sentenza. Tamén calificou como moi grave que o concello pague unha asesoría xurídica externa e que esta, logo, non presente un recurso en tempo e forma, o que debería levar a unha rescisión do contrato e mesmo a unha petición de indemnización por danos. Finalmente sinalou que quedaban dúas saídas, ou a constitución dunha comisión coa representación de grupos políticos e a presenza dos propietarios ou a iniciación dunha investigación ante a fiscalía para esixir responsabilidades, posto que se trata dun asunto que afecta a todos os veciños do concello.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, lembrou que en materia urbanística déronse unhas sentenzas desfavorables ao concello que proceden da actitude irresponsable coa que se goberna este concello dende había tempo, indicando que non lle permitía a **Sra. Alcaldesa** que escapara da súa responsabilidade, facéndoa recaer noutros concelleiros que formaron parte do mesmo grupo de goberno, precisando que a máxima mandataria municipal estaba nas Xuntas de Goberno nas que se aprobaron inicialmente plans parciais como o do SU-13, tomándose decisións sen

cobertura legal axeitada. Incidiu en que, cando se trouxo a pleno a aprobación do Plan Parcial do SU-14, se deu como garantía absoluta a sinatura do convenio polos promotores e, logo, en cambio, aprobouse o Plan Parcial do SU-13 cando os propietarios se negaron a ratificar o convenio. Tamén citou que no seu día se argumentou que o aboamento realizado polos promotores non se debía a exención das vivendas de promoción pública, cando en realidade era así, posto que os promotores non eran filántropos que realizaban achegas voluntarias sen nada a cambio. A realidade é que os gobernos municipais son responsables de devolver ou pagar a empresa promotora por decisións non fundamentadas e en contra de algo deshonesto dende un punto de vista social, como a exención de vivenda de promoción pública, co que o tempo lle deu a razón ao que no seu día sinalaba o **BNG**. Por último dirixiuse aos membros da Corporación para que apoiem a creación da comisión solicitada, especialmente ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** para que practique o que antes predicaba.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, anunciou que votarían en contra da proposta de acordo por varios motivos. En primeiro lugar, pola indefinición, xa que non concretan nin o obxecto, nin o marco temporal, se afecta a sentenzas de carácter urbanístico ou doutro tipo. En segundo lugar porque non é posible paralizar a actividade do concello polos labores da comisión, dado que sería necesario compatibilizala co día a día e, en terceiro lugar, porque toda a documentación que soliciten a terán a súa disposición.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, destacou que por fin o **Sr. Otero Domínguez** se acorda del, cando hai tres anos o seu grupo político pretendeu a aprobación dun regulamento orgánico para recortalle os seus dereitos e, aínda agora, na orde do día, exclúeselle da comisión, engadindo que na solicitude nin se alude ao SU-13, no que, por certo, se trata de devolver diñeiro, non de aboar multa ningunha, nin sequera ao urbanismo, tratándose dunha redacción nefasta que non acouta o obxecto da comisión nin as datas ás que afecta. Finalmente dixo que está preparado para falar do SU-13, pero coa redacción da moción, a súa indeterminación e a súa non inclusión na Comisión, vai votar en contra desta.

O Sr Gonzalo Pita, dixo que sempre parecía haber motivos no goberno municipal para escapar de responsabilidades e indicou que se a redacción do acordo se pode corrixir, non habería problema para facela ben e mesmo se facía falta, convocar outro pleno. Tamén se estraño de que se aludira á paralización do concello pola creación da comisión, xa que, se iso é así, moi mal estase. En canto á facilidade do acceso á documentación recordou que había tempo pediron documentación que non se lles facilitará ata o vindeiro mes de febreiro. Por último dixo que a xente pide transparencia e a mensaxe do goberno municipal non é claro, sendo necesario coñecer detidamente o contido dunhas sentenzas sobre uns asuntos que todo o mundo sabe cales son.

A Sra. Agúin Pombo, manifestou que cando non se queren facer as cousas, non se deben buscar escusas, aludindo a unha serie de sentenzas, como a do propio SU-13, a do derrubamento do edificio da rúa Progreso, as dos chalés de Dorrón ou o SU-14 que deben aclararse, ao igual que a actuación dunha asesoría xurídica que non presenta recurso contra unha sentenza desfavorable ao concello. En canto á alusión feita á transparencia, destacou que no mes de decembro pediron unha documentación que se

Iles vai facilitar en febreiro e tamén, respecto do SU-13, pediron datos en marzo de 2010 e aínda están esperando. A interviniente aludiu a falta de transparencia xa que antes, na Xerencia, podían ver os expedientes e, agora, o persoal esixe primeiro a autorización, engadindo que os veciños din que o urbanismo en Sanxenxo o manexan dúas persoas. Finalizou dicindo que se están xogando o patrimonio de todos e que, se o goberno municipal non ten nada que ocultar, que facilite a creación da comisión, xa que, se hai que modificar algo, se fará, o certo é que non se ten vontade política e, mentres tanto, séguese pagando a quen non presenta recurso.

O Sr. Otero Domínguez, sinalou que está claro que se pretenden buscar escusas para non crear a comisión, indicando que os funcionarios municipais están ao servizo do concello precisamente para asuntos como este e por suposto, que se están referindo ao SU-13, pero tamén a outras sentenzas que van en contra dos intereses municipais, existindo motivo mais que suficiente para que se realice unha investigación dentro do concello e, se non se quere facer, que se diga claro, porque entón se realizará fóra do ámbito municipal. Aludiu ao funcionamento xurídico da Xerencia con informes contraditorios e a unha asesoría xurídica externa contratada co Sr. Narbón que, a súa vez, presta servizos para unha Consellería da Xunta onde ocupa un cargo unha persoa relacionada con pleitos urbanísticos contra o Concello de Sanxenxo. Todo o asunto necesita luz e taquígrafos e está disposto a que o Sr. Rodríguez Lorenzo forme parte da comisión para que non se poñan escusas para evitar a investigación dunhas actuacións que, por bastante menos, deron lugar a retirada de competencias urbanísticas a outros concellos. Aludiu a petición expresa de que a nivel parlamentario se constituía unha comisión porque a Xunta de Galicia tamen ten a súa responsabilidade e todo rematará na vía xudicial. Por último volveu a dirixirse aos membros da Corporación solicitando que, coas correccións que foran necesarias, apoiem e permitan a creación da comisión.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, resaltou que agora lle pidan o apoio para a aprobación dunha comisión na que, nun principio, non lle daban presenza, sinalando que estaría disposto a votar a favor da constitución dunha comisión, pero, da que piden na orde do día, non, precisando que, se a redacción está mal feita, teñen que aprender a facelo ben, lamentando tamén que dende a oposición se confundira a data de convocatoria deste pleno coa da celebración da sesión. Recordou que coñecía o expediente do SU-13 dende a lexislatura pasada, que esta sentenza é do mes de maio e que pola indeterminación do texto da moción e polo seu desprezo ao grupo político que representa, ratifícase no seu voto en contra.

A Sra. Alcaldesa en primeiro lugar, como xa dixo o voceiro do grupo do SAL, precisou que na orde do día tan só inclúese a creación dunha comisión, non outra cousa. Continuou manifestando que se falou neste pleno da sentenza do SU-13, pero non das sentenzas favorables que houbo respecto do PXOM, nin dos beneficios que trouxo aos veciños do termo municipal a súa aprobación, non tendo ningún problema en que a fiscalía investigue, para que todos asuman a súa responsabilidade, como a interviniente di que fixo respecto das delegacións que tivo no concello, lembrando que un dos asinantes da petición do pleno foi concelleiro de urbanismo en Sanxenxo durante oito anos. No que respecta á constitución da comisión, xa se deron as razóns para estar en desacordo, engadindo que no seu día non se tomou ningunha decisión pensando que se estaba actuando en contra dos intereses do concello, nin en contra dos informes, sempre

na crenza de que se trataba dunha achega voluntaria polo cambio de sistema de actuación. Recordou que a achega realizada se empregou na compra de Punta Vicaño e sinalou, en canto á asesoría xurídica, que esta saíu a concurso, gañando o contrato a mellor oferta e, polo que respecta a documentación solicitada no seu día e a que se referiron neste pleno, se entregará o vindeiro día 3 de febreiro, unha vez recompilado o solicitado.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta someteu o asunto a votación**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do BNG).

Votos pola Abstención:0

En consecuencia non resultou aprobada a proposta de acordo incluída na orde do día para **“a constitución dunha comisión, para o estudo, valoración e conclusións para o seu posterior debate e aprobación se procede polo pleno do concello, cinguido sobre as sentencias xudiciais contrarias os intereses do Concello de Sanxenxo, na que formen parte da mesma a Alcaldesa de Sanxenxo, o Xerente de Urbanismo, Concelleira de Urbanismo, a Secretaría Xeral do Concello, a Intervención Xeral do Concello e un membro de cada paertido da oposición”**.

E, non habendo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión, sendo as vinte e horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**